

PLAN DE PENSIÓNS: RENDIMOS CONTAS - RETOS A FUTURO



As Eleccións Sindicais son sempre un bo momento para facer balance e render contas. Estes máis de catro anos en materia de Previsión social, estiveron marcados por boas rendibilidades do Fondo, todo iso grazas ao traballo honesto, tenaz e rigoroso de elaboración e seguimento, por parte dos membros de **CCOO** na Comisión de Control do Plan.

Estes son algúns dos feitos máis destacables neste período 2010-2014.

Rendibilidades.

A 31 de Novembro 2014 a rendibilidade era do 6,17%.

Estas son as cifras do periodo entre eleccións.

Planes de Pensións.	5 ANOS	3 ANOS	1 AÑO
PPEmpregados de BBVA	+5,33%	+7,95%	+7,75%
Media do Sistema Emprego	+4,26%	+7,46%	+7,98%
Media Plans Individuais Renda fixa Mixta	+2,80%	+5,76%	+6,40%

É, sen dúbida, un bo balance tendo en conta o perfil de risco do noso Plan (80-20 RF-RV, condicionado por unha elevada idade media do colectivo pois o 76% do patrimonio de fondo está en mans do a equipo entre 55 e 65 anos), así como as incertezas existentes nos mercados, como as ameazas de deflación, a falta de crecemento na zona euro ou a tan temida terceira recesión das que algúns falan. A recuperación, por desgracia, só existe na propaganda do Goberno.

A nosa Xestora GPP

Queremos destacar o traballo profesional da Xestora, así como resaltar que a comisión que cobran -do 0,07%- está moi por debaixo do máximo legal e das tarifas de calquera outra Xestora, é unha peza máis na construción das excelentes rendibilidades que o Plan está a obter.

Convén recordar tamén, que os membros de **CCOO** no Consello de Administración desta, (20% do conxunto de accionistas) **nin reciben retribución, nin axudas, nin se crean obrigas en materia de préstamos, créditos, pensións ou seguros de vida, como tampouco cobran retribución ningunha, nin tampouco os membros da Comisión de Control do Fondo.** Con CCOO na Xestora hai: máis control, máis fiabilidade, máis participación e máis rendibilidade.

Como controlamos dende CCOO a marcha do noso Plan?



Este é un pequeno resumo das nosas actuacións:

- **Aprobación de Contas Anuais.** Revisión dos Informes de Auditoría e o Informe Actuarial anual.
- **RFA (Revisión Financeiro-Actuarial).** Este informe é de obrigado cumprimento pola Normativa de Pensións e é de carácter trienal, aínda que repetidamente reclamamos a BBVA que, debido ao volume do noso fondo, esta revisión se debería facer anualmente.
- **Certificación de Sostenibilidade.** Informe emitido anualmente por unha empresa especializada e onde queda plasmado, en forma de rating, a calidade dos nosos investimentos baixo os criterios ASG (Ambientais, Sociais e bo Goberno).
- **Plan de Reequilibrio.** O último realizado en 2013, permitiu regularizar todos os erros e discrepancias en Servizos Pasados dende a creación do Plan. Non obstante, aínda está aberta a discrepancia de criterios na integración de antigos compañeiros do Banco Cantábrico no Colectivo "A".
- **Recuperación de Retencións no Estranxeiro.** Unha serie de reclamacións administrativas e xudiciais coas Facendas de Alemaña, Holanda e Francia, contratadas a través dunha axencia internacional, e da que confiamos recuperar máis dun millón de euros para o noso Plan.
- **Seguimento das diversas Pólizas do Plan:** De excesos, Privanza, Banco Asturiano, Riscos, así como dos tipos aplicados por BBVA Seguros nas rendas aseguradas dos nosos beneficiarios.
- **Integración satisfactoria do Plan de Pensións de UNNIM,** mediante un seguimento rigoroso dende a Comisión Técnica. Os traballadores/ás de UNNIM integráronse no Colectivo J, agás un grupo de xubilados, xubilados parciais e prexubilados que se integran no novo Colectivo Q, mantendo os seus dereitos orixinais.
- **Capital Adicional por Xubilación Anticipada.** Estamos a facer o seguimento para que o Banco cumpra o compromiso asinado nos Acordos de Pensións de 2000 e 2003. Na nosa opinión, debería facilitarse aos partícipes os capitais a todas as datas posibles, co fin de axudar na toma da mellor decisión. Decisión na que **CCOO** está a asesorar a todos os afiliados/ás, a través das nosas Sección Sindicais.
- E por suposto, a continua **supervisión e seguimento da marcha dos investimentos**, mediante reunións practicamente mensuais coa Xestora, onde analizamos a carteira, a duración, a marcha dos mercados, e onde se formulan de forma aberta e participativa as inquietudes de todos os membros da Comisión.

A que retos nos enfrontamos endiante?

Retos importantes non nos faltan. Velaquí uns cantos:

- **Exercitar os Dereitos Políticos das accións do noso Fondo.** Como asinantes dos PRI (Principios de Inversión Responsable), o Fondo adquiriu unhas obrigas nas que, ademais de información e colaboración institucional, é preciso levar as Xuntas de Accionistas das Compañías onde se inverteu, a necesidade de considerar como parte inescusable da actuación empresarial, o respecto ao Medio Ambiente, ás correctas prácticas sociais (con empregadas/vos, con clientes, con provedores), e ao Goberno (retribucións dos executivos, conselleiros independentes, igualdade). Ata agora, o BBVA está a dificultar o exercicio destes dereitos políticos e esiximos novamente chegar a un acordo neste tema.
- **Actualización das Especificacións do Plan.** O noso Regulamento leva sen actualizarse dende o ano 2003, anexionando os Acordos asinados posteriormente. Necesitamos un Regulamento completo, actualizado, áxil, sinxelo e comprensible para todos partícipelos e beneficiarios. BBVA ata agora, deu longas a este tema de forma incomprensible.
- **Mellorar a atención ao Partícipe e ao Beneficiario.** Aquí temos moito campo onde mellorar. Dende dotar de máis medios á Xestora ou á Oficina do Partícipe e Beneficiario, á creación dun Boletín Informativo do Plan de Emprego.
- E por último, o máis significativo: **Incrementar substancialmente as achegas de 540,91 €, conxeladas dende hai 14 anos.** Non hai máis que contemplar este cadro, que recolle a distribución do patrimonio por colectivos, para entender a necesidade deste incremento:

Colectivo	A+I+C+Epre80	J	B+D+Epost80+F+G+H	K+L+M+N+Q
Aportacións	% salario	540,91€ conxelado	Mínimo 540,91€. +“adpersonam”	Segúndo os colectivos.
Patrimonio	1.790,5 (MM €)	219,4	119,0	57,3
Nº Partícipes	13.512	19.389	5.890	682

Este é o noso balance, estes son os nosos retos pendentes. Sexa nos órganos de administración de Xestoras de Pensións, no seo das Comisións de Control, ou a través da nosa participación institucional nos Pactos de Toledo, a postura de **CCOO** é sempre a mesma: **Defensa das pensións públicas, respecto ás carreiras longas de cotización, compromisos por pensións articulados en plans de emprego e regulados por Negociación Colectiva.**

Para iso, necesitamos seguir contando co voso apoio e confianza.

Xaneiro 2015



**ELIGE A LA GENTE
QUE FUNCIONA**